PRIMEIRA PROBA, PARTE A

OPCIÓN 1

I - ORIENTACIÓN
Exercicio único: 1 punto

No Modelo de Continxencia de Fred Fiedler (década dos sesenta do século XX), as variables situacionais analizadas son:

- Relacións entre líder e membros
- Grao de estruturación das tarefas
- Poder do líder (baseada no binomio recompensa-penalización)


N.º	Puntos	Pregunta
1	0,3	Cales son as dúas tipoloxías ou orientacións básicas de liderado ás que fai referencia Fiedler en función das ditas tres variábeis situacionais?
2	0,4	Determine cal debe ser a tipoloxía ou orientación do líder dadas as seguintes características situacionais: - Malas relacións entre líder e membros - Elevado grao de estruturación das tarefas - Forte poder do líder (baseada no binomio recompensa-penalización).
3	0,3	Cite dous exemplos de modelos ou teorías do liderado que se encadren dentro do enfoque do liderado situacional ou de continxencia.

II - PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Exercicio único: 2,5 puntos

FOLE, SL é unha empresa do sector secundario sita na Coruña. As súas instalacións están compostas por catro edificios independentes: dous talleres, un almacén e unhas oficinas.

A empresa achega a seguinte información:

- Nun dos talleres está a realizarse a avaliación da exposición ao ruído dunha traballadora, para o que o técnico de prevención que realiza a medición observou que durante as dúas primeiras horas da xornada o ruído era bastante estable, polo que realizou 10 medicións puntuais mediante un sonómetro, obtendo os seguintes valores: 80, 84, 81, 82, 81, 81, 83, 82, 82 e 84 dBA. Durante as catro horas seguintes o ruído varía moito duns momentos a outros, polo que decidiu continuar medindo durante todo o tempo cun sonómetro integrador, obtendo un nivel de presión acústica continuo equivalente ponderado A de 84 dBA para ese período de tempo. Durante as dúas horas restantes da xornada a traballadora non estivo exposta a ruído, polo que non mediu durante ese tempo.
- O almacén da empresa ten as seguintes dimensións (en metros):



No devandito almacén almacénanse as seguintes substancias combustibles:

Combustible	Quilogramos	Poder calorífico (Mcal/Kg)
Combustible A	100	?
Combustible B	50	4
Combustible C	20	6
Combustible D	100	10

A empresa indícanos que o coeficiente adimensional que pondera o grao de perigo de cada un dos combustibles que existen no sector de incendio é igual a 1, e que o

coeficiente adimensional que corrixe o grao de perigo inherente á actividade industrial que se desenvolve no sector de incendio tamén é igual a 1.

- Un dos traballadores da empresa recolle e transporta mediante unha carretilla determinadas pezas desde o exterior cara ao interior do almacén durante 30 minutos cada hora, despois clasifica as pezas durante 20 minutos cada hora no interior do almacén. O resto do tempo (10 min.) descansa sentado na mesma zona de clasificación de pezas. O consumo metabólico asociado á primeira actividade é de 180 W/m^2, o correspondente ao segundo é de 110 W/m^2 e o correspondente ao tempo de descanso é de 55 W/m^2.

  As temperaturas medidas para calcular o índice WBGT son as seguintes:

	Actividade 1	**Actividade 2 e descanso**
Temperatura húmida	Th = 29 °C	Th = 26 °C
Temperatura de globo	Tg = 36 °C	Tg = 28 °C
Temperatura seca	Ts = 32 °C	

Os valores límites de referencia son os seguintes:

Consumo metabólico	WBGT límite (° C)			
	Persona aclimatada		Persona no aclimatada	
W/m^2	V = 0	V ≠ 0	V = 0	V ≠ 0
≤ 65	33	33	32	32
65 – 130	30	30	29	29
130 – 200	28	28	26	26
200 – 260	25	26	22	23
> 260	23	25	18	20

- Outro dos traballadores da empresa manexa unha trade manual. Con obxecto de avaliar a súa exposición a vibracións man-brazo realizáronse medicións mediante tres acelerómetros colocados convenientemente, obténdose os seguintes resultados para os valores eficaces de aceleracións ponderadas en frecuencia transmitidas á man en cada eixo:
  Aceleración no eixo x -a_{hwx} = 0,9 m/s^2
  Aceleración no eixo y -a_{hwy} = 2,1 m/s^2
  Aceleración no eixo z -a_{hwz} = 2,9 m/s^2
  O tempo durante o que o traballador manexa a ferramenta é de tres horas diarias.

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,6	Con respecto á avaliación á exposición ao ruído da traballadora, cal foi o nivel de presión acústica continuo equivalente ponderado A durante as dúas primeiras horas? Cal foi o nivel de exposición diario equivalente?
2	0,7	No almacén, cal é o poder calorífico do combustible A sabendo que a densidade de carga de lume do almacén é de 7 Mcal/m^2?
3	0,6	Con respecto ao traballador que emprega a carretilla, atópase en risco de tensión térmica? Se a resposta á pregunta anterior fose afirmativa e, como medida de control, decidísese aumentar o tempo do descanso do traballador a 20 minutos e reducir o dedicado á clasificación de pezas a 10 minutos, atoparíase o traballador en risco de tensión térmica con estas novas condicións de traballo?
4	0,6	Para o traballador que manexa a trade manual, cal é o valor da aceleración eficaz ponderada en frecuencia das vibracións? cal é a exposición diaria ás vibracións?
Indicar a normativa básica ou documentación técnica de aplicación para a resolución de cada pregunta.		

III - DEREITO DO TRABALLO
Exercicio único: 2 puntos

Eduardo Sotelo, con contrato indefinido e categoría profesional de director administrativo, grupo de cotización 01, é alta inicial na empresa o 1 de xaneiro de 2024. No mes de xuño de 2024 percibe as seguintes cantidades:

- Salario base: 2.000 euros/mes
- Plus de transporte urbano: 155 euros/mes

Ademais das retribucións dinerarias, o traballador percibirá durante o referido ano, as seguintes retribucións en especie:

- Goce gratuíto dunha vivenda, propiedade da empresa e cuxo valor catastral é de 21.400 euros.
- Uso gratuíto dun vehículo de empresa, cuxo valor de compra foi de 24.000 euros.
- Préstamo de 9.000 euros a un interese do 2% anual, sendo o interese legal do diñeiro durante 2024 do 3.25%.

En xuño de 2024 realizou horas extras por forza maior por un importe de 150 €.
Nese mes percibiu dietas por gastos de manutención por valor de 175 euros, correspondentes a cinco días (non *pernocta*; en territorio nacional)
O traballador ten dereito a tres pagas extras de 2.000 euros cada unha, a cobrar nos meses de marzo, xuño e decembro -abónanse conxuntamente con devanditas nóminas-. (NOTA: Paga extra xuño e decembro: devindicación semestral; Paga extra de marzo: devindicación anual).

Nº	Puntos	Pregunta
1	1,5	Calcule a Base de Cotización por Continxencias Profesionais correspondente ao mes de xuño de 2024.
2	0,5	Calcule a base de IRPF correspondente ao mes de xuño de 2024.

IV – SEGURIDADE SOCIAL
Exercicio único: 2 puntos

Andrea Castro, de 35 anos de idade, estivo 880 días prestando servizos de forma ininterrompida na empresa CARFOL, coa que tiña unha relación contractual indefinida a tempo parcial. Posteriormente, Andrea recibe e acepta unha oferta da empresa SERFOL, que lle ofrece unha mellora salarial e un incremento da súa xornada. Tras presentar a súa dimisión en tempo e forma, o 29 de febreiro de 2024 finaliza a súa relación laboral con CARFOL, incorporándose o día seguinte a SERFOL. Posteriormente, o 30 de xuño de 2024, Andrea é despedida por motivos disciplinarios, situación ante a que decide non presentar reclamación. A seguinte táboa recolle o importe das súas bases de cotización por continxencias comúns e profesionais e a porcentaxe de xornada realizada durante os últimos 6 meses.

Mes	Base de cotización	Porcentaxe de xornada
Xaneiro	1223€	60%
Febreiro	1223€	60%
Marzo	2054,33€	80%
Abril	2054,33€	80%
Maio	2054,33€	80%
Xuño	2054,33€	80%

Nº	Puntos	Pregunta
1	1,5	Ten dereito Andrea a percibir a prestación por desemprego? En caso afirmativo, indique o prazo para solicitala, a duración da prestación e o seu importe, descontando á cotización á Seguridade Social e tendo en conta que Andrea ten dúas fillas ao seu cargo.
2	0,5	Tres meses máis tarde, Andrea comeza a traballar a tempo completo e encadea diferentes contratos nos que cotiza durante 375 días de forma non consecutiva, sen retomar entre eles a prestación anterior. Que opcións terá Andrea se quere solicitar de novo a prestación por desemprego? Suporía algún cambio que retomase a prestación entre os contratos?

V – ECONOMÍA E EMPRESA
Exercicio 1: 1,5 puntos

Utilizando os seguintes datos:

- Pasivo corrente = 3.000.000 euros
- Ratio de liquidez = 1,5
- Proba ácida = 0,9
- Ratio de calidade da débeda = 0,375
- Ratio de autonomía financeira = 0,5
- Rotación das existencias = 3,5
- Rendibilidade financeira da empresa = 10%
- Imposto sobre o beneficio empresarial 20%
- Resultado financeiro da empresa = -100.000 euros

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,35	Calcule o valor das existencias
2	0,45	Calcule o beneficio neto
3	0,35	Calcule o valor da rendibilidade económica
4	0,35	Calcule o valor da rotación do activo

Exercicio 2: 1 punto

O capital social da empresa de renovables 'Energía Limpia, S.A.' o inicio da súa actividade eran de 9 millóns de euros e encontrábase dividido en 300.000 accións. Actualmente a empresa conta cunhas reservas de 1,8 millóns de euros.

Nº	Puntos	Pregunta
1	0,25	Calcule o Valor Nominal e o Valor Teórico ou Contable da acción.
2	0,25	Supoñendo que a empresa realice unha ampliación de capital de 100.000 novas accións a un prezo de emisión de 30 euros por acción, calcule o valor do dereito de subscrición preferente dos antigos accionistas.
3	0,25	Considerando que o Sr. Fernández é un antigo accionista da compañía que conta con 900 accións anteriores a ampliación, calcule cantas accións novas podería subscribir en función das antigas e canto deberá pagar en total por elas.
4	0,25	Así mesmo, sabendo que o Sr. García é un investidor non accionista que desexa acudir a ampliación e comprar 300 accións novas da compañía, calcule cantos dereitos de subscrición necesitaría adquirir para iso e canto tería que pagar en total por ese número de accións.